

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

SIRO LÓPEZ, AUTOR DA VERSIÓN GALEGA DE 'UNHA CRISE CARNÍVORA'

"Cando me encargaron o proxecto, era obvio que pensaban en algo máis ca nunha tradución"

O debuxante construíu un filme de 'humor galego' ao que lle poñen voz Manquiña, o equipo de 'Corre Carmela que Chove' ou Os Tonechos.

Marcos S. Pérez - 11:35 16/05/2008

A crise carnívora son dúas películas. Está a versión orixinal, en castelán, creada polos responsábeis de [Cálico Electrónico](#) (a serie de animación en Internet de máis éxito, vista por máis de 50 millóns de persoas) e na que se poden escoitar as voces de Joaquín Reyes (*Muchachada Nui*), Oskar Terol (*Vaya Semanita*), Enrique San Francisco ou Pablo Carbonell. E está a versión galega, creada máis que traducida por Siro López, na que participa Manquiña, Antonio Durán *Morris*, Os Tonechos, Xosé Manuel Piñeiro, Xurxo Souto e o grupo de *Corre Carmela que chove*.

A Coruña acolleu este xoves a preestrea mundial de [A crise carnívora](#), un filme que se estrea en todo o Estado este venres. Trátase da primeira longametraxe para cinema realizada integramente en animación flash. Cun humor irreverente e dirixido non ao público infantil, senón a unha audiencia xuvenil e adulta, o filme está producido por Continental, que lle encargou a Siro a versión galega, "cando me fan a min a encomenda, era obvio que non pensaban nunha tradución, pois terían chamado un filólogo", di.

Resulta un filme de auténtico humor galego, moi distinto ao orixinal castelán: "o orixinal era moito máis directo e contundente, non respondía á esencia do humor galego, que emprega camiños moi longos para dicir as cousas", afirma Siro, que engade que o humor galego actúa na película de *burladeiro* nos momentos en que os diálogos adquiren maior dureza. O humorista ferrolán salienta ademais que na dobraxe galega, inzada de frases populares e de imitacións de persoeiros moi recoñecíbeis (como o propio Manuel Fraga), hai tamén un importante traballo actoral, na que as voces foron quen de se adaptar á personalidade dos protagonistas animados.

Siro, que afirma que escribiu o texto dende o comezo pensando en que Manquiña sería o protagonista, salienta igualmente o traballo de dirección de actores realizado por Tacho González.